

«Moitos relatos son a raíz dalgunhas novelas miñas»

Sara Ledo VIGO / LA VOZ

12 xullo 2012

Desde moi nova soubo que a literatura sería a súa fonte de expresión e a vida a súa inspiración. Con só 18 anos publicou a súa primeira novela, *Neve en abril*. Logo viñeron *Rosas, corvos e cancións*, *Non quero ser como Doris Day*, *Memoria de cidades sen luz* ou *New York, New York*. Onte presentou en Vigo o seu novo libro, *Tinta* (Galaxia), un monllo de relatos publicados entre o 2000 e o 2010.

-¿Por que decidiu reunir estes relatos nun só volume?

-O motivo inicial foi que as historias estaban moi dispersas, quería xuntalas e salvalas desa especie de dispersión. Pero unha vez que fun traballando nelas, dinme conta que tamén había certo motivo de evolución.

-¿Non existe ningunha relación que vincule as historias?

-A priori son historias non relacionadas entre si, pero que teñen algúns puntos de concomitancia. Por exemplo, os temas que reaparecen constantemente. A comedia delirante, os relatos de amor, a memoria dende a distancia, a memoria histórica... sempre mesturada coa idea do amor e coa idea de morte que tanto nos gusta aos escritores.

-¿Cal é o seu favorito?

-Quizás o último, Caso Torneiro, porque o escribín cando estaba xa un pouco farta do académico. Foi un relato a modo de informe académico con notas a pé de páxina. Rinme moito con ese relato a primeira vez que lin o libro.

-¿Algunha sorpresa?

-Si. Hai moito protagonismo feminino, e tamén sobre a memoria. Ademais, moitos son raíz dalgunhas novelas miñas, como un relato referente a María Casares que me inspiraría en *Memoria de cidades sen luz*.